

FARO DE VIGO ADIANTA EN EXCLUSIVA O TEXTO ÍNTEGRO DO SEGUNDO CAPÍTULO DE “TODO É SILENCIO”, A PRÓXIMA NOVELA DE MANUEL RIVAS, QUE SAIRÁ DO PRELO A COMEZOS DO VINDEIRO MES DE OUTUBRO. EN “TODO É SILENCIO”, RIVAS ABORDA, POR PRIMERA VEZ COMO EIXO CENTRAL DO ARGUMENTO DA SÚA OBRA, O NARCOTRÁFICO



NAS RIAS GALEGAS. A NOVA PEZA LITERARIA DO ESCRITOR CORUÑÉS ESTÁ PROTAGONIZADA POR MARISCAL, UN CAPO CONTRABANDISTA RECONVERTIDO A NARCOTRAFICANTE, QUE PROXECTA A SÚA SOMBRA SOBRE TODA BRÉTEMA, UNHA VILA IMAXINARIA COAS SÚAS PERSOAXES QUE A MÁIS DE UN NO LLE COSTARÁ NADA IDENTIFICAR COA REALIDADE

O NARCOTRÁFICO, NA ÚLTIMA NOVELA DE MANUEL RIVAS

TODO É SILENCIO

II

El era o fillo de Xesús Cristo. O fillo de Lucho Malpica. Dicían: é o fillo de Lucho. Ou é o fillo de Amparo. Pero máis coñecido era polo pai. Porque o pai, entre outras cousas, levaba xa varios anos facendo de Cristo o día da Paixón, o Venres Santo. Cando era máis novo fixera de soldado romano. Mesmo levou o látigo para azoutar o lombo de Edmundo Sirgal, o Cristo anterior, que tamén era mariñeiro. O que pasa é que Edmundo marchou para as plataformas petrolíferas do Mar do Norte. E o primeiro ano aínda conseguiu volver para que o crucificasen. Pero logo algún problema houbo. A xente vaíse e ás veces pasa iso, que de súpeto se perde o sinal. Así que facía falta un Cristo e non había máis que mirar para Lucho Malpica. Porque había outro barbas que o podía facer, o Moimenta, mais sobráballe un ferrado de chicha. Como ben dixo o cura, Cristo, Cristo pode ser calquera, pero que non teña touciño. Un bo Cristo non ten touciño, é todo febra. E velaí Lucho Malpica. Forte e fraco como unha caniza. Da mesma madeira que o pau da cruz que leva ao lombo.

—Ese élle medio pagán, don Marcelo —dixo o ronchas da confraría.

—Como todos. Pero fai un Cristo de primeira. Un Cristo de Zurbarán!

Malpica non tiña paraxe. Ardía coa présa. E valente, coas tripas na man. O fillo, Félix, Fins para nós, era máis do xeito da nai. Máis morriñento. Tiña días, claro. Aquí o que máis e o que menos temos mareas vivas e mareas mortas. E el tiña eses días de momia, de quietismo. Ensumido no silencio.

O caso é que non atuaba o pai, mais tiña esa confianza con el. El non preguntaba polo pai ou polo papá. Preguntaba por Lucho Malpica. O mariñeiro, fóra da casa, era como un terceiro home, á marxe de pai e fillo. O rapaz debía protexer o home. Tiña que ter conta del. Cando o vía vir bébedo, xa el ía correndo a abrir a porta e guiábo polas escaleiras, e encamábo como un claudestino, para que non houbese

lea na casa, porque a nai non soportaba aqueles naufraxios. Unha vez, cando os pasos do Calvario, a nai díxolle: “Non lle chames Lucho cando vai coa cruz”. Porque para el, de cativo, era unha honra que o pai fose o crucificado, coa coroa de espiñas, a cotra de sangue na fronte, aquela barba loura, a túnica co cordón dourado, as sandalias. Chamábanlle moito a atención as sandalias, porque daquela non era un calzado que levaran os homes en Brétema. Había mulleres que si, no verán. Unha veraneante que paraba co seu home na pousada Ultramar. Levaba pintadas as unllas das dedas. Dedas que brillaban cun esmalte de ostra. Dedas níqueladas. Todos os mozos a rentes, como quen busca moedas no chan. Todo pola madreleña das dedas pintadas.

As dedas do Cristo tiñan matas de pelo, as unllas como lapas, e aínda coas sandalias, dobraban para suxeitarse ao chan, como cando se cinguían ao arneirón dos penedos. Antes da procesión, chamouno á parte. “Vai

» “Malpica non tiña paraxe. Ardía coa présa. E valente, coas tripas na man. O fillo, Félix, Fins para nós, era máis do xeito da nai. Máis morriñento. Tiña días, claro. Aquí o que máis e o que menos temos mareas vivas e mareas mortas” <<

aló ao Ultramar e dille a Rumbo que che dea unha botella de auga bendita.» E el xa sabía que non era auga da pia santa. Non, non lle ía dicir nada á nai. Nin falta facía que o advertise. Xa fixera outras veces o traballo de Caná. Así que botou sebo ás candelas para ir e volver nun santiamén. E polo camiño decidiu darlle un golpiño. Só un groucho. Só un biscallo. Se a todos lles prestaba, pois algo tería. A el tamén lle viña ben ese día levantar a espiñela. Sentiu que lle ardían as entrañas, mais tamén o reverso dos ollos. Respirou a fondo. Cando o ar fresco foi apagando aquel incendio dos adentros, tapou e envolveu ben a botella no papel de estraza e apelou aos pés para chegar antes de que o pai cargase co Pau da Santa Cruz.

Na procesión, berrou todo contente:

—Pai, pai!

E a nai murmurou agora: “Non lle chames pai cando vai coa cruz”.

Que ben o facía, que vontade

puña naquela mágoa.

—Que Cristo, que verosímil! —oíuse que dicía o Desterrado ao doutor Fonseca. En Brétema todo o mundo tiña un segundo nome. Algo máis que un alcume. Era como levar dous rostros, dúas identidades. Ou tres. Porque o Desterrado era tamén, ás veces, o Coxo. E ambos os dous eran o mestre, Basilio Barbeito.

Facía ben, Lucho Malpica. O rostro dorido, mais digno, coa “distancia histórica”, dixo o Desterrado, a ollada de quen sabe que os que onte adulaban mañá serán quen máis neguen. Mesmo cambaleaba ao andar.

Levaba un peso que pesaba. Algún dos látigos, polo entusiasmo teatral dos verdugos, acababa doendo de verdade. E logo, por treitos, aquel cántico das mulleres: “Perdoa o teu pobo, Señor! Perdoa o teu pobo, perdóao Señor! Non esteas eternamente anoxado!” O Desterrado fixo notar que a escenografía celeste axudaba. Sempre había para esa estrofa un nubeiro á man para eclipsar o sol.

—Verosímil! Só falta que o maten.

—E que cántico máis espantoso! —dixo o doutor Fonseca—. Un pobo amocado, doente de culpa, pregando un sorriso a Deus. Unha frangulla de alegría.

—Si. Pero non se fie. Estas cousas do pobo levan sempre algo de retranca —dixo o Desterrado—. Fíxese que só cantan as mulleres.

O Ecce Homo mirou de esguello ao fillo e chiscou o ollo esquerdo. Esa imaxe quedoulle ao neno para sempre na cabeza. Mais tamén aquela expresión admirativa do mestre. Que verosímil. Intuíu o que significaba, mais non de todo. Tiña de ver coa verdade, mais pensou que era algo superior á verdade. Un punto por riba do verdadeiro. Ficou con aquela palabra para definir aquilo que máis o sorprendía, que o maravillaba, que desexaba. Cando á fin abrazou a Leda, cando foi quen de dar aquel paso e saír das illas, e avanzar cara a ela, o corpo aquel que viña do Mar Tenebroso, o que pensou foi que non podía ser verdade. Tan bárbara, tan ceibe, tan verosímil.



Ilustración de Miguelanxo Prado que serve de portada a “Todo é silencio” (Edicións Xerais)